



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2008 18:19
Nº Rexistro: 34103
Data envío: 09/12/2008 18:19:49.919

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa ás razóns de tradución simultánea das entrevistas realizadas a portugueses e portuguesas nos espazos informativos da Televisión de Galiza.

Estase a comprobar como nos últimos tempos os espazos informativos da Televisión de Galiza recurren a un curioso método de tradución cando se entrevista a portugueses e portuguesas: ocúltase a orixinalidade da súa voz en portugués, substituíndoa por outra voz nese “galego neutro” instituído pola Televisión de Galiza, cunha sonicidade e prosodia ben achegadas ao español.

Iso si, cando por exemplo un xogador brasileiro ou portugués se expresa en español, respectase a orixinalidade na oralidade. Semella que é a fala e sotaque portugués o que se ten que tapar.

Resulta difícil de entender como formando parte o noso idioma do sistema lingüístico galego-portugués, e precisando de tanto coñecemento, relacionamento e reciprocidade a unha e outra banda do Miño, sexa agora torpemente vetada, pola propia televisión pública galega, calquera posibilidade de ouvir o uso do galego-portugués ao sul do Miño, evitando a súa familiarización, visibilidade, popularización e (re)coñecemento na sociedade galega.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Por suposto, non se actúa do mesmo xeito con entrevistados en español. Aí non. O único que non se respecta é o portugués, mesmo o do norte, como no caso das noticias realizadas con motivo da traxedia do pesqueiro “Rosamar”.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Por que razón nos últimos tempos se está a realizar unha sorte de “tradución automática” a aqueles entrevistados e entrevistadas de Portugal que usan o seu idioma oficial, nos espazos informativos da Televisión de Galiza?

2.^a) Non resulta lóxico manter a voz orixinal de entrevistadas e entrevistados, a fin de familiarizar ese modelo co empregado en Galiza?

3.^a) Ten previsto a dirección da CRTVG, en consecuencia, mudar o criterio que está a utilizar?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 09/12/2008 18:17:42